

Mércores, 31 de agosto de 2022

Estimadas familias:

Falta moi pouco para o inicio do novo curso 2022-2023, e por este motivo queremos poñernos en contacto convosco e trasladarvos algunha información que é do voso interese.

Como xa saberedes polos medios de comunicación, a Consellería está trasladando que o novo curso comezará coas mínimas restricións posibles e retornará a unha situación de prepandemia.

Estamos, polo tanto, á espera de cales van ser as medidas definitivas pero coa convicción da volta á normalidade.

Lembramos nesta circular algúns temas de carácter xeral:

- O curso 2022-23 dará comezo o día 8 de setembro para Educación Infantil, Primaria e ESO.
- No momento da entrada as familias poderán acompañar aos/ás nenos/as ao patio. Para conseguir a maior fluidez posible pregamos ás familias que unha vez os/as nenos/as sexan recollidos/as polos tutores/as deixen o recinto para recibir ao alumnado das outras etapas educativas. En caso de choiva, o alumnado será recollido na porta do centro polos/as tutores/as
- Non é necesario neste primeiro día que o alumnado traia libros de texto.
- O calendario e horarios do curso escolar 2022-23 estarán ao voso dispor na páxina web e no taboleiro do centro, así como nas circulares enviadas pola Plataforma Educamos.
- O servizo de comedor, transporte escolar e madrugadores funcionará a partir do venres 9 de setembro.
- Ao longo do mes de setembro informarase (mediante circular, no taboleiro de entrada e na web) da oferta e matrícula de actividades extraescolares.
- Na semana do 5 ao 9 de setembro convocaranse ás familias de Infantil e Primaria á reunión presencial de inicio de curso cos tutores correspondentes. As reunións coas familias de ESO terán lugar na semana do 19 ao 23 de setembro.

Se tedes calquera dúbida podedes contactar coa secretaria do centro.

Queremos trasladar desde o Equipo Directivo todo o noso ánimo e apoio para sacar adiante este novo curso escolar e agradecemos de antemán ás familias a confianza depositada no noso centro.

## Horario do primeiro día (8 de setembro):

EDUCACIÓN INFANTIL				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA*	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
4º Ed. INFANTIL	8 de setembro	11:00 h.	12:00 h.	Porta San Antonio
5º Ed. INFANTIL	8 de setembro	10:10 h	13:15 h	5A Infantil - Porta de San Antonio 5B Infantil - Rúa das Orfas
6º Ed. INFANTIL	8 de setembro	10:10 h	13:15 h	Rúa das Orfas

• Os cursos de 5º e 6º de Educación Infantil terán a partir do venres 9 o horario habitual de setembro

EDUCACIÓN PRIMARIA				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA*	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
1º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:50 h.	13:30 h.	Porta San Antonio
2º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:40 h.	13:30 h.	Porta San Antonio
3º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:30 h.	13:30 h.	Porta San Antonio
4º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:50 h.	13:30 h.	Rúa das Orfas
5º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:40 h.	13:30 h.	Rúa das Orfas
6º Ed.PRIMARIA	8 de setembro	9:30 h.	13:30 h.	Rúa das Orfas

• Todos os cursos de Educación Primaria terán a partir do venres 9 o horario habitual de setembro.

EDUCACIÓN SECUNDARIA				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA*	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
1º, 2º, 3º e 4º ESO	8 de setembro	10:30 h.	14:00 h.	Rúa das Orfas

• Todos os cursos da ESO terán a partir do venres 9 o horario habitual de setembro.

**\* IMPORTANTE:** Se algunha familia ten dificultades para conciliar co horario de saída no primeiro día, poderá recoller aos/ás nenos/as ata ás 14:30 h. avisando previamente aos/ás titores/as.

Un afectuoso saúdo



O Equipo Directivo

*Hijas de la Caridad*